



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA
EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A CASA DE ESPAÑA EN RÍO DE
JANEIRO, COA FINALIDADE DE CONTRIBUÍR Á ATENCIÓN DAS NECESIDADES
SOCIO ASISTENCIAIS BÁSICAS DOS CIDADÁNS GALEGOS RESIDENTES EN
RÍO DE JANEIRO (BRASIL).**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Casa de España en Río de Janeiro (Brasil) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 15 de outubro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes co fin de contribuír á atención das necesidades socio asistenciais básicas dos cidadáns galegos maiores residentes en Río de Janeiro (Brasil), que por razóns de idade, estado físico ou situación de carencia, teñan problemas de autonomía persoal.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Na cidade de Río de Janeiro (Brasil), reside unha grande colonia formada por persoas de orixe galega, que pola súa situación carencial, sofren unha falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e sanitaria. Segundo o censo electoral de residentes no estranxeiro, en Brasil residen arredor de 33.000 emigrantes galegos. Estes datos confirman a Brasil como o terceiro país no continente americano onde máis galegos residen na actualidade, tras Arxentina e Venezuela.





A Casa de España de Río de Janeiro, é unha entidade sen ánimo de lucro que agrupa actualmente a preto de mil trescentos cincuenta emigrantes galegos, sendo a principal entidade galega en Río de Janeiro. Na actualidade está a desenvolver unha importante política social asistencial orientada a facer efectiva a mellora da calidade de vida dos anciáns pertencentes á colectividade galega.

Nas súas instalacións, a citada entidade xestiona e administra un centro de día no que proporciona aos emigrantes galegos actividades sociais, de espaxemento cultural e recreativo e asistencia mutual e de saúde.

A intención da Secretaría Xeral da Emigración é colaborar coa Casa de España para facilitar a detección destas necesidades asistenciais e súa cobertura as persoas de orixe galego máis necesitadas.

Para o financiamento das actuacións previstas neste convenio, a Secretaría Xeral da Emigración alcanzará corenta mil euros (40.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017.

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrencia pública.

O interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica na pretensión de dar apoio aos emigrantes galegos, residentes en Brasil, que por cuestións de idade presentan problemas asociados e derivados desta circunstancia persoal.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral da Emigración

Basquiños, 2
15704 Santiago de Compostela
Teléfono 981 545 878. Fax 981 547 296
<http://emigracion.xunta.es>

galicia

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 20 de febreiro de 2017.

